


INFORMACIÓN BÁSICA

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS



CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

CURSO 2020-2021

1. OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
 - m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
 - n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
 - o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. TEMPORALIZACIÓN

***En 1º e 2º da ESO o alumnado non terá libro de texto. Traballarán certos contidos a través de EDIXGAL e outros a través das explicacións feitas na aula. Todo quedará recollido en fichas e apuntamentos na libreta.**

1º ESO*	
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos, presentación persoal (nome, idade, data nacemento, dirección, nacionalidad...), presentar a outra persoa. - Diálogos breves para coñecer a outra persoa. - O colexio: asignaturas, material escolar... - Os números do 1-100 - As cores - Días, meses e estacións do ano. - Presente de indicativo dos verbos da 1ª conjugación. - Presente de indicativo dos verbos <i>être, faire, aller e avoir</i>. - Artigos definidos e indefinidos. - A negación
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición das persoas (físico, aficións, signo do zodiaco...) - A interrogación - Contraccións do artigo. - A roupa: coñecer o vocabulario das diferentes prendas de vestir, saber describir o estampado e a cor, saber dicir como van vestidas as persoas. - Adxectivos posesivos e demostrativos - Invitar a alguén. Expresións para aceptar ou rexeitar a devandita invitación. - Responder ao teléfono.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntar e dicir a hora. - Os deportes - As rutinas - Expresións <i>aller</i> + preposición + país. - A interrogación parcial. - Verbos do 2º e 3º grupo (<i>vouloir, mettre, prendre, finir...</i>) - A casa: partes da casa, mobiliario básico, ser quen de describir onde vives... - Preposicións de lugar - Expresión <i>il y a</i> - Preposicións e nomes de país

2º ESO*

1º TRIMESTRE

- As horas
- Indicar un itinerario: expresións, vocabulario da cidade, saúdos e fórmulas de cortesía.
- Rutinas diarias.
- Preposicións de lugar.
- Presente de indicativo dos verbos da 1ª conxugación.
- Presente de indicativo dos verbos *être, faire, aller e avoir*.
- Verbos pronominais
- Actividades de tempo libre e deportes.
- A alimentación: vocabulario dos alimentos e bebidas, describir as rutinas das comidas...
- Ofrecer comida : aceptar ou rexeitar.
- Expresar os gustos.
- Artigos partitivos
- Hábitos e cultura gastronómica francesa.

2º TRIMESTRE

- Falar por teléfono e invitar a alguén.
- Expresións para aceptar ou rexeitar a devandita invitación.
- O corpo humano: partes do corpo, falar da saúde e das enfermidades, ir ao médico...
- Pronomes persoais COD
- Números ordinais e cardinais
- Verbos *manger, vouloir, boire, prendre...*
- Os animais
- Preguntar e dicir o prezo
- Pedir información sobre horarios
- Expresión da posesión
- Expresións de tempo.
- Pronomes relativos *qui e que*.

3º TRIMESTRE

- Utensilios de cociña, cantidades e recetas.
- Escribir unha carta, invitación, felicitación...
- Pronomes persoais COI
- O futuro próximo (*aller + infinitivo*)
- Expresións de tempo.
- A familia.
- A meteoroloxía
- Falar en pasado: uso do passé composé.
- Describir un lugar

3° ESO

1° TRIMESTRE	Unidades 1 y 2 *
2° TRIMESTRE	Unidades 3 y 4 *
3° TRIMESTRE	Unidades 5 y 6 *

*** Unidades correspondientes ao manual *Tous ensemble 3* !**

4° ESO

1° TRIMESTRE	Unidades 1 y 2 *
2° TRIMESTRE	Unidades 3 y 4 *
3° TRIMESTRE	Unidades 5 y 6 *

*** Unidades correspondientes ao manual *Tous ensemble 4* !**

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Probas escritas (comprensión dos contidos gramaticais, vocabulario, expresión e comprensión escrita)	60,00%
Expresión oral (terase en conta a produción e a interacción, participación nas clases empregando a lingua estanxeira, controis orais guiados, diálogos, conversas...)	20%
Comprensión oral (a partir de audios ou videos ou producións directas na aula)	10,00%
Traballo na aula (caderno, presentación de tarefas, actitude cara á materia...)	10,00%

- O redondeo das notas de avaliación farase á alza sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Non ter máis de 3 negativos por falta de traballo ou actitude no trimestre.
 - A décima da nota real debe ser igual ou superior a 5.
- Non se fará media das probas escritas do trimestre se a nota dunha delas é inferior a 1,5 sobre 6.
- A avaliación é continua, polo que non se fará recuperación dos trimestres, salvo no caso excepcional dalgún alumno/a que suspenda o 3º trimestre únicamente. Neste caso terá a opción de repetir a proba e superar a materia na avaliación ordinaria.
- A nota de xuño resultará da media aritmética acadada nos tres trimestres.
- O alumnado que non acade unha media igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria, deberá presentarse en setembro á proba extraordinaria na que lle entrarán todos os contidos vistos ao longo do curso. O profesor faralle entrega dun guión de traballo para facilitarlle a tarefa de estudo durante o verán.

Instrumentos de avaliación

1. O **caderno de clase**, na que deberán estar recollidas tódalas actividades da asignatura: apuntes das explicacións, exercicios, fotocopias entregadas, etc. Poderá ser demandada polo profesor para a súa corrección sen previo aviso. Nela valoraranse aspectos tales como a constancia, o interese, o orde e a limpeza, a atención prestada ás explicacións, e por suposto o grao de asimilación dos contidos.
2. A **observación directa** na clase, coa que se pode valorar o interese, a forma de traballar (individualmente e en grupo), a participación, o respecto ás

normas, a actitude cara o emprego do francés na aula, o comportamento, etc.

3. A **realización e exposición de traballos monográficos**, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade na que se encaixen, aspectos previamente definidos en cada actividade (calidade do contido, presentación, puntualidade de entrega, exposición, etc.)
4. Os **exames escritos**, nos que se valorará o grao de asimilación dos contidos.
5. As **probos orais** (representacións, diálogos, dramatizacións, lecturas, etc)
6. A **observación directa**, no día a día, na aula

4. CONTIDOS MÍNIMOS

1º ESO	
Comunicación	<ul style="list-style-type: none">- Ser quen de manter unha pequena conversa e comprender as expresións máis empregadas para coñecer a unha persoa.- Saber dicir como vas vestido e como eres físicamente- falar do tempo libre e das aficións- Describir a túa casa
Vocabulario	<ul style="list-style-type: none">- Saúdos e presentacións persoais ca información básica máis importante.- Números 1-100- As cores- Días da semana e meses do ano- Descripción física das persoas- Saber dicir a hora.- Material escolar- Deportes e aficións- Preposicións de lugar- A roupa e a forma de vestir- A casa (partes e mobiliario básico)
Gramática	<ul style="list-style-type: none">- Presente de indicativo dos verbos da 1ª conxugación.- Presente de indicativo dos verbos <i>faire, être, aller e avoir</i>.- A negación- Artigos definidos e indefinidos- A interrogación

2º ESO

Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Saber explicar ou preguntar sobre como chegar a un lugar. - Saber describir o que tomas nas diferentes comidas do día. - Saber escribir unha carta, invitación ou felicitación. - Saber presentar a túa familia
Vocabulario	<ul style="list-style-type: none"> - Indicacións para chegar a un lugar - As rutinas diarias - Preposicións de lugar - A alimentación: vocabulario básico de comidas e bebidas - Gustos e preferencias - O corpo humano e expresións para indicar a dor. - Os animais de compañía - A familia
Gramática	<ul style="list-style-type: none"> - A posesión - Pronomes persoais COD e COI - O futuro próximo - O passé composé - Os artigos partitivos - Verbos 1ª conxugación en presente - Verbos irregulares <i>prendre, mettre, vouloir, boire, être, avoir, faire e aller.</i>

3º ESO

Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información - Reservar un billete de tren - Falar en pasado e en futuro - Expresar rexeitamento, finalidade, causa, sorpresa. - Pedir e dar a opinión sobre algo
Vocabulario	<ul style="list-style-type: none"> - Expresións de tempo - Os oficios - As horas - Os medios de transporte - A música: instrumentos, xéneros musicais... - Expresións de gustos e preferencias
Gramática	<ul style="list-style-type: none"> - A comparación - Futuro simple - Presente continuo - Pasado recente - Imperfecto de indicativo - Pronomes relativos

4º ESO

Comunicación	<ul style="list-style-type: none">- Propor ou suxerir algo- Rexeitar ou aceptar unha invitación- Describir o carácter dunha persoa- Reservar habitación nun hotel- Escribir unha carta formal ou unha mensaxe informal- Organizar e informarse sobre unha viaxe
Vocabulario	<ul style="list-style-type: none">- A personalidade e os sentimentos- Vocabulario do hotel (reservas, servizos...)- Expresar a condición e a hipótese- O colexio (instalacións, membros...)- As viaxes- Expresar a prohibición- Expresións do francés coloquial
Gramática	<ul style="list-style-type: none">- Superlativo relativo e absoluto- O futuro- Emprego do dobre pronome persoal- Pronomes posesivos e demostrativos- O passé composé- Pronomes <i>en</i> e <i>y</i>- O imperfecto de indicativo- O condicional- Discurso directo e indirecto